

Convocatoria de sesión ordinaria do Pleno da Corporación para o día 28 de febreiro de 2020, ás 10.00 horas.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 o Pleno debe realizar sesión ordinaria cunha periodicidade mensual.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** de Pleno da Deputación Provincial de Ourense, nos seguintes termos:

DÍA: 28 de febreiro de 2020
HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*
LUGAR: Salón de Plenos do Pazo Provincial

* Se en primeira convocatoria non existise o quórum necesario (un terzo do número legal de membros da Corporación, coa asistencia en todo caso das persoas titulares da presidencia e da secretaría, ou persoas que legalmente os substitúan) entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días hábiles despois. Se tampouco entón se acadase o quórum necesario, a Presidencia deixará sen efecto a convocatoria pospoñendo o estudo dos asuntos incluídos na orde do día para a primeira sesión que se celebre con posterioridade, sexa ordinaria ou extraordinaria.

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2020/2882G PRESIDENCIA

Adhesión á declaración institucional da FEMP con motivo do Día Internacional da Muller 2020

2. 2020/2P/PLENO PRESIDENCIA

Aprobación da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 31 de xaneiro de 2020

3. 2020/1837V PRESIDENCIA

Delegación na Deputación Provincial do exercicio das competencias de

recadación en vía executiva do Imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello de Boborás

4. 2020/2403P PRESIDENCIA

Modificación das bases de execución dos orzamentos do INORDE n.º 1/2020.

5. 2020/2386Z PRESIDENCIA

Prórroga da asunción pola Deputación Provincial de Ourense dos servizos mínimos do Concello dos Blancos.

6. 2020/1727E PRESIDENCIA

Aprobación inicial das bases reguladoras do Programa de cooperación Benourense Infancia, para a concesión de subvencións a puntos de atención á primeira infancia para o exercicio para o exercicio 2020

7. 2020/1728T PRESIDENCIA

Aprobación inicial das bases reguladoras do Programa de cooperación Benourense Infancia - Servizos Complementarios, para a concesión de subvencións aos servizos complementarios á infancia para o exercicio 2020

8. 2020/898A PRESIDENCIA

Aprobación inicial das bases reguladoras do Programa de cooperación económica coas entidades locais para o servizo de axuda no fogar básico Benourense 2020

9. 2019/9155A PRESIDENCIA

Nomeamento de don Alfredo Conde Cid como fillo predilecto da provincia de Ourense

10. 2020/2407N NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Socialista para creación dunha comisión informativa especial de investigación sobre os contratos menores na Deputación de Ourense

11. 2020/2377M NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo do BNG respecto das eivas do Plan de transporte da Xunta de Galicia

12. 2020/2405X NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Socialista sobre o Plan marco da Xunta de Galicia para a mellora de camiños rurais

13. 2020/2323C NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo de Ciudadanos relativa a un proxecto piloto de plan de natalidade (adaptado ás necesidades reais da nosa provincia)

14. ASUNTOS DE URXENCIA

15. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA

Dación de conta das relacións de decretos da Presidencia do mes de xaneiro de 2020.

16. ROGOS E PREGUNTAS.